

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

Cédula do 11 de marzo de 2011, da Área Provincial da Coruña, pola que se lles notifica aos interesados proposta de resolución de expediente administrativo de desafiuzamento por non ocupación. (Expediente 5/2010).

Por medio desta cédula, e en cumprimento do disposto no artigo 142º do Regulamento de VPO aprobado polo Decreto 2114/1968, do 24 de xullo, notifícaselles aos interesados, cos datos e último domicilio coñecido sinalado no anexo, a proposta de resolución de desafiuzamento acordada pola instrutora do expediente do IGVS da Coruña por non destinar a vivenda a domicilio habitual e permanente do beneficiario ou arrendatario, causa suficiente de desafiuzamento conforme a disposición transitoria 2ª artigo 16º.3 da LAU 29/1994, do 24 de novembro, en relación cos artigos 132º e 135º do Regulamento de VPO.

Concédesse un prazo de 15 días hábiles desde o seguinte ao da publicación desta cédula para a contestación ante este Servizo Provincial do IGVS da Coruña alegando por escrito canto consideren adecuado para a súa defensa. Transcorrido o dito prazo, elevaranse as actuacións ao órgano competente para a súa resolución.

Para que conste e sirva de notificación aos interesados, en cumprimento do disposto no artigo 59º.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, expido, asino e selo esta cédula na Coruña o 11 de marzo de 2011.

Rosa Mª Gallego Neira
Xefa da Área Provincial da Coruña

ANEXO

Nº expediente de desafiuzamento: 5/2010.

Expedientada: Josefa C. Rey Bidot e herdeiros.

Último enderezo coñecido: r/ Violetas, bloque 35, P-19, 3º D (A Coruña). (Expte. C-136-CD/63, conta 1062).

Cédula do 11 de marzo de 2011, da Área Provincial da Coruña, pola que se lles notifica aos interesados proposta de resolución de expedientes administrativos de desafiuzamento por non ocupación. (Expediente 7/2010).

Por medio desta cédula, e en cumprimento do disposto no artigo 142º do Regulamento de VPO aprobado polo Decreto 2114/1968, do 24 de xullo, notifícaselles aos interesados, cos datos e último domicilio coñecido sinalado no anexo, a proposta de resolución de desafiuzamento acordada pola instrutora do expediente do IGVS de A Coruña por non destinar a vivenda a domicilio habitual e permanente do beneficiario ou arrendatario, causa suficiente de

desafiuzamento administrativo ao amparo da estipulación 3ª do contrato subscrito en relación co artigo 27º.7 da LAU 29/1994, do 24 de novembro.

Concédesse un prazo de 15 días hábiles desde o seguinte ao da publicación desta cédula para a contestación ante este Servizo Provincial do IGVS de A Coruña alegando por escrito canto consideren adecuada para a súa defensa. Transcorrido o dito prazo, elevaranse as actuacións ao órgano competente para a súa resolución.

Para que conste e sirva de notificación aos interesados en cumprimento do disposto no artigo 59º.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, expido, asino e selo esta cédula na Coruña o 11 de marzo de 2011.

Rosa Mª Gallego Neira
Xefa da Área Provincial da Coruña

ANEXO

Nº expediente de desafiuzamento: 7/2010.

Expedientada: Montserrat Mosquera Fraguera e outros.

Último enderezo coñecido: r/ Glasgow nº 20-7º D (A Coruña). (Expte. C-1-CD/79, conta 70).

Anuncio do 31 de marzo de 2011 polo que se somete a información pública a modificación puntual do proxecto sectorial do parque empresarial das Gándaras (Lugo).

En cumprimento do disposto no artigo 25º da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e nos artigos 13º e 14º do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, sométese, para os efectos e durante o prazo que logo se precisan a seguinte documentación:

-Modificación puntual do proxecto sectorial do parque empresarial das Gándaras (Lugo): sométese a información pública polo prazo dun mes contado a partir da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para os efectos da Lei 10/1995, do 23 de novembro, e do Decreto 80/2000, do 23 de marzo.

Durante o prazo referido, calquera persoa poderá examinar a dita documentación en horario de oficina nas dependencias do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), sitas no polígono das Fontiñas, Área Central, s/n, en Santiago de Compostela, e no concello de Lugo, e presentar ante o IGVS as alegacións, documentos e xustificacións que xulgue pertinentes. Así mesmo, e co obxecto de consulta, a documentación publícase na páxina web do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2011.

Antonio José Boné Pina
Director xeral do Instituto Galego
de Vivenda e Solo